

MEMORIA DE ACTIVIDADES



FOROESGAL
Foro pola Economía Social Galega

Santiago de Compostela, a 10 de decembro do 2025



QUE É O FOROESGAL

O Foro pola Economía Social Galega (ForoESGal) é un espazo de encontro entre entidades da economía social de Galicia, portavoz das súas demandas e propostas e un actor principal que favorece o impulso, a visibilidade e o recoñecemento da economía social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

Entre os seus obxectivos figuran o de visibilizar e representar a economía social ante a sociedade galega e ante o resto de axentes políticos, económicos e sociais e favorecer o desenvolvemento destas entidades a través da intercooperación e o acceso a procesos de contratación pública.

MISIÓN

O ForoESGal nace como unha iniciativa socio-empresarial representativa da economía social en Galicia, lugar de encontro das distintas familias que o compoñen e portavoz das súas demandas e propostas ao tempo que é actor principal para favorecer o impulso, a visibilidade e o recoñecemento da economía social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

VISIÓN:

O ForoESGal é unha entidade de referencia no ámbito da economía social en Galicia con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios da economía social, fomentando a intercooperación entre as distintas familias que a compoñen, colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

VALORES

Os principios que rexen e enmarcan as actuacións do ForoESGal son os seguintes:

- a) Carácter aberto ás entidades que forman parte da economía social, en especial as súas entidades representativas e preferentemente ás que desenvolven unha actividade empresarial ou vencellada ao mercado, se ben a adhesión deberá ser aprobada formalmente polas entidades membro.
- b) Enfoque non partidario.
- c) Orientado a compartir obxectivos a prol da economía social e a desenvolver estratexias aprobadas democraticamente polos seus membros.
- d) Concibido como marco de cooperación con personalidade xurídica propia como asociación sen ánimo de lucro.
- e) Voluntario, manifestándose a solicitude de admisión mediante acordo ou adhesión expresa ao manifesto e documento base, debendo ser a adhesión aprobada formalmente tal e como se fai constar no apartado a).
- f) Flexible, tanto nos seus contidos como no seu funcionamento.
- g) Coordinado e relacionado con outros ForoESGal ou consellos onde se compartan obxectivos, tanto a nivel galego como estatal, así como con outros marcos de cooperación semellantes.

- h) Financiado mediante achegas monetarias ou en especie das entidades que formen parte, liñas de axudas públicas ou privadas, doazóns ou calquera outra fonte admitida en dereito e que non entre en contradición cos seus principios e valores.

Os valores que defende o ForoESGal, e que se lle demandan as entidades que forman parte, son os propios da economía social:

- Primacía das persoas e do fin social sobre o capital.
- Xestión democrática, transparente e participativa.
- Cooperación entre as empresas da economía social.
- Promoción da equidade e da solidariedade interna e coa sociedade.
- Promoción da sostibilidade e a mellora ambiental.
- Reinvestimento de excedentes xerados en base á ausencia de ánimo de lucro.

ENTIDADES ASOCIADAS:

O ForoESGal aglutina ás entidades que conforman as organizacións máis representativas das diferentes familias empresariais da economía social en Galicia:

AEIGA: Asociación de Empresas de Inserción de Galicia

AESGAL: Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia

AGACA: Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias

CEGASAL: Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro

ESPAZOCOOP: Unión de Cooperativas Galegas



ACTIVIDADES

Para a realización desta Memoria establécense tres obxectivos estratéxicos que ten o ForoESGal e dentro de cada un identifícanse e analízanse as actuacións realizadas.

Obxectivos:

1. Reforzo da presenza da economía social de Galicia nos foros estatais e europeos
2. Difusión e visibilización da economía social
3. Desenvolvemento e impulso da economía social

1. Difundir e visibilizar a economía social perante a sociedade e os principais axentes económicos

Os retos que afronta o ForoESGal baseáanse, principalmente, en ensalzar a economía social galega sendo alicerce da conxugación dos distintos sectores produtivos que acolle e as responsabilidades sociais que defende como o mantemento de empregos de calidade, a distribución da riqueza ou a implicación ca contorna, por exemplo.

Neste senso, asínase un convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Foro pola Economía Social Galega para visibilizar e fomentar a participación da economía social galega durante todo o ano 2025.

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia: *“Difusión e visibilización da economía social”*, mediante o desenvolvemento de accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia, deseñáronse as seguintes accións e actividades:

1.1 Día da Economía Social Galega

O ForoESGal celebrou unha xornada de especial relevancia para todo o sector da economía social. Este encontro, que reuniu en Santiago de Compostela a máis de 100 persoas e representantes das cinco familias da economía social galega, serviu para poñer en valor o peso real do sector no país: máis de 7.000 entidades e 25.000 empregos, que xa representan máis do 10% do emprego en Galicia. A economía social, sempre en movemento e adaptándose aos novos tempos, reivindicou o seu papel como motor estratéxico de futuro, capaz de xerar emprego sostible, fixar poboación no rural e dar resposta a retos como o relevo xeracional, a igualdade e a sustentabilidade ambiental.



Posteriormente, se detallan os programas de actividades para o Día da Economía Social Galega 2025, que se celebrará o luns 16 de xuño ás 12 horas no Hotel Puerta del Camino de Santiago de Compostela. O evento está organizado por FOROESGAL e patrocinado por CAIXA RURAL GALEGA.

LUNS 16 XUÑO ás 12 horas

Día da economía social galega

Organiza: FOROESGAL
Patrocina: CAIXA RURAL GALEGA

Hotel Puerta del Camino Santiago de Compostela

2025

12:00h Café de benvida

12:30h Benvida
D. Mino Martínez
Presidente de FOROESGAL

12:40h Inauguración institucional
D. Manuel Varela
Presidente Caixa Rural Galega
D. Pablo Fernández
Secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais
D. Pedro Blanco
Delegado de Goberno en Galicia

13:00h Mesa redonda
"O camiño do FOROESGAL: mirada dende a orixe"
D. José Antonio Vázquez,
ex presidente de CEGASAL e fundador do FOROESGAL
D. Pepe Montes,
ex presidente de AGACA e fundador do FOROESGAL
D. Miguel Fernández,
ex presidente de AEIGA e fundador do FOROESGAL
D. Eduardo Salido,
presidente de AESGAL e fundador do FOROESGAL
Dña. Ana Oliveira,
presidenta de ESPAZOCOOP e Vicepresidenta 2ª do FOROESGAL
Modera: Carmen Rodríguez
presidenta de AGACA e Vicepresidenta 1ª do FOROESGAL

14:00h Clausura institucional
D. José González
Conseilleiro de Emprego, Comercio e Emigración

14:15h Cóctel - networking

A inauguración institucional contou co presidente de Caixa Rural Galega, Manuel Varela; coa directora xeral de traballo autónomo e economía social, Marta Mariño; e co delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, que destacaron o compromiso co modelo da economía social e co papel de ForoESGal como interlocutor clave.



O núcleo da xornada foi a mesa redonda **“O camiño do FOROESGAL: mirada dende a orixe”**, na que participaron José Antonio Vázquez (ex presidente de CEGASAL), Pepe Montes (ex presidente de AGACA), Miguel Fernández (ex presidente de AEIGA), Eduardo Salido (presidente de AESGAL) e Ana Olveira (presidenta de ESPAZOCOOP e vicepresidenta 2ª de ForoESGal), moderados por Carmen Rodríguez (presidenta de AGACA e vicepresidenta 1ª do Foro).

A conversa permitiu repasar o percorrido de ForoESGal desde a súa creación, así como os retos de futuro compartidos: atraer á mocidade e garantir o relevo xeracional, avanzar en igualdade, reforzar a presenza institucional da economía social e aproveitar o impulso do **Ano Internacional das Cooperativas 2025** para seguir gañando visibilidade social e política.





Na clausura, o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, reafirmarou a alianza estratéxica entre a Xunta e o Foro, lembrando o convenio de colaboración, a posta en marcha da **II Estratexia Galega de Economía Social 2023-2027** e os apoios específicos ao sector. Subliñouse tamén o horizonte de creación de novas entidades e empregos, así como a importancia da economía social para avanzar cara a unha

Galicia máis sostible, inclusiva e ligada ao territorio.



Este evento consolidouse, un ano máis, como unha referencia na axenda da economía social galega e como unha oportunidade única para fortalecer lazos, compartir coñecementos e construír, desde a cooperación entre entidades e administracións públicas, un futuro máis sostible, xusto e inclusivo para Galicia.

<https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/013941/xunta-reafirma-apuesta-por-modelo-economico-mas-justo-inclusivo-ligado-territorio>



1.2 VI Semana Universitaria da Economía Social



A aposta polos datos e pola visibilidade da economía social centrou este ano o acto principal da **VI Semana Universitaria da Economía Social**, celebrado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC. No encontro presentouse **GALESTAT**, o primeiro portal estatístico da economía social en Galicia, desenvolvido polo CECOOP da USC baixo a dirección de Maite Cancelo e co apoio da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Esta ferramenta dixital ofrecerá de forma continuada información actualizada sobre as entidades, o emprego e os ingresos da economía social galega, facilitando a toma de decisións públicas, a investigación académica e a difusión do modelo, en liña co Plan de Acción Europeo da Economía Social. No acto interviñeron, xunto a Cancelo, a vicerreitora de Estudantes e Cultura da USC, Pilar Murias; a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño; a vicedecana da Facultade, Romina García; e o presidente de ForoESGal, Mino Martínez, que presentou varios exemplos empresariais representativos das diferentes familias da economía social galega.

<https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/011130/xunta-impulsa-visibilidad-crecimiento-economia-social-traves-del-nuevo-portal>

1.3 Cafés con Aroma a Economía Social

A quinta edición dos “Cafés con Aroma a Economía Social” celebrouse o 20 de novembro no Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago de Compostela, baixo o lema “*A quinta taza: onde converxemos. Economía, gobernanza e sostibilidade*”. O encontro reuniu entidades da economía social, profesionais e representantes institucionais arredor dun mesmo obxectivo: reflexionar sobre o presente e o futuro do sector nun modelo económico máis equilibrado, responsable e centrado nas persoas.

The poster is divided into three main sections. On the left, a blue background features a white coffee cup with a spoon, with the text 'CAFÉS CON AROMA A ECONOMÍA SOCIAL V EDICIÓN' below it. The middle section, on a white background, is titled 'PROGRAMA' and 'A QUINTA TAZA: ONDE CONVERXEMOS ECONOMÍA, GOBERNANZA E SOSTIBILIDADE'. It lists a schedule of events from 10:00 h to 12:30 h, including the reception of assistants, a presentation by Mino Martínez, and speeches by María Rozas, Patricia Sánchez, Gabriela González, Marta Mariño, Pablo Fernández, and Pedro Blanco. The right section, on a pink background, specifies the date '20 NOVIEMBRE de 10 a 12:45 h' and the location 'HOTEL OCA PUERTA DEL CAMINO Santiago de Compostela'. At the bottom, logos for Xunta de Galicia, the Galician Council for Employment, Commerce and Emigration, the International Association of Cooperatives, Caixa Rural Galega, and ForoESGal are displayed.

PROGRAMA

**A QUINTA TAZA:
ONDE CONVERXEMOS**
ECONOMÍA, GOBERNANZA E SOSTIBILIDADE

10:00 h Recepción de asistentes
10:30 h **Mino Martínez**, presidente do FOROESGAL
10:40 h **María Rozas**, tenenta de alcaldesa de Santiago de Compostela
10:50 h **Caixa Rural Galega** - Patrocinador
11:00 h **Patricio Sánchez**, director adxunto do Foro Económico de Galicia e profesor de economía financeira da UVigo
11:30 h **Gabriela González**, directora de Sostibilidade e Comunicación Corporativa de Vegalsa-Eroski
12:00 h **Marta Mariño**, directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social
12:15 h **Pablo Fernández**, secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais
12:30 h **Pedro Blanco**, delegado do Goberno en Galicia

Pode confirmar asistencia en direccion@foroesgal.org ou nos teléfonos 647 86 11 19 ou 604 07 51 95.

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN | Aso Internacional das Cooperativas | CAIXA RURAL GALEGA | FOROESGAL

O presidente de ForoESGal, **Mino Martínez**, advertiu da necesidade de anticipar o escenario que se abrirá coa fin dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación en 2026, subliñando que o reto está en non perder o impulso acadado nestes anos e en garantir estabilidade para fórmulas como os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro. Ao fío da tramitación da Lei Estatal de Economía Social, reclamou consenso político para dar continuidade a un sector “sólido, útil e en crecemento”.

Como relatores convidados interviñeron **Patricio Sánchez**, director adxunto do Foro Económico de Galicia, que analizou o contexto económico e laboral de Galicia cara a 2026, e **Gabriela González**, directora de Sostibilidade e Comunicación Corporativa de Vegalsa-Eroski, quen puxo en valor o papel crecente dos produtos da economía social pola súa proximidade, trazabilidade e impacto territorial. A xornada contou tamén coa participación da tenenta de alcaldesa de Santiago, **María Rozas**, e co apoio de **Caixa Rural Galega** como entidade patrocinadora.





Na clausura, a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, **Marta Mariño**, e o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, **Pablo Fernández**, reafirmaron o compromiso da Xunta coa economía social e coa súa converxencia coas estratexias de responsabilidade social empresarial, destacando programas como Responsabilízate, Aprod Economía Social, ES-Transforma, ES-Factory ou o Bono Consolida, fundamentais para seguir impulsando un modelo económico máis xusto, inclusivo e sostible.



<https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/018950/xunta-ahonda-compromiso-con-economia-social-destaca-converxencia-con-las-estrategias>

1.4 Día do Cooperativismo Galego



O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, participou en Rábade no acto de conmemoración do **Día do Cooperativismo Galego 2025**, celebrado nas instalacións da cooperativa Rabadense de Transportes baixo o lema *“As cooperativas promoven solucións inclusivas e sostíbeis para un mundo mellor”* e coincidindo co **Ano Internacional das Cooperativas**.

No evento, impulsado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración xunto co Consello Galego de Cooperativas, recoñecéronse as iniciativas premiadas nos **Premios á Cooperación 2025** (Rexenerando, Illa Bufarda e Lemos) e no **Certame Cooperativismo no Ensino**, e Fernández, acompañado por Marta Mariño e Eugenia Pérez, puxo en valor o cooperativismo como pilar da economía social galega, salientando a aposta da Xunta por este modelo a través da Estratexia Galega de Economía Social e da futura Lei de Cooperativas.

O ForoESGal estivo presente a través do seu presidente, Mino Martínez, reforzando a unidade do movemento cooperativo galego e o seu papel na construción dun desenvolvemento máis xusto, inclusivo e sustentable para o país.



<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/014677/xunta-salienta-celebracion-dia-cooperativismo-galego-potencial-economia-social>

1.5 Representación do ForoESGal en actos institucionais

- ❖ Participación na presentación dos resultados de 2024 da Estratexia Galega de Economía Social



O ForoESGal participou na xornada organizada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para presentar o balance de 2024 da Estratexia Galega de Economía Social e a axenda de traballo para 2025. A través dunha mesa coloquio na que

interviñeron Herminio Martínez (CEGASAL), Carmen Rodríguez (AGACA), Ana Olveira (ESPAZOCOOP), Miguel Fernández (AEIGA) e Eduardo J. Salido (AESGAL), xunto co presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Manuel Pérez, analizáronse os principais retos de futuro do sector. No encontro, inaugurado polo conselleiro José González e coa participación de Pablo Fernández e Marta Mariño, destacou o potencial da economía social como motor de emprego de calidade e desenvolvemento sustentable, no marco dunha estratexia que aspira a crear 4.000 empregos e 400 novas entidades ata 2027.



<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/008897/xunta-reafirma-impulso-economia-social-como-motor-socioeconomico-destacando-230>

❖ Asistencia á presentación do proxecto da primeira planta pública galega de clasificación de residuos téxtiles



O presidente do ForoESGal, Mino Martínez, asistiu no Complexo Medioambiental de Sogama (Cerceda) á presentación do proxecto da primeira planta pública galega de clasificación de residuos téxtiles, na que a Xunta investirá preto de 25 millóns de euros.

A nova infraestrutura, que se prevé operativa no segundo trimestre de 2026, poderá preparar ata 24.000 toneladas anuais de residuos téxtiles para a súa posterior reciclaxe, dando resposta á obriga legal de recollida

diferenciada deste fluxo desde o 1 de xaneiro de 2025. A presenza de ForoESGal, xunto a entidades como Arroupa —empresa de inserción referente na reutilización téxtil—, pon en valor o papel da economía social na transición cara a un modelo máis circular e sostible.

❖ Participación na xornada de presentación do Plan de Acción para a Economía Social nos Barrios de Compostela

O ForoESGal participou, a través do seu presidente Mino Martínez, nas sesións participativas celebradas no Cersia Empresa para o codeseño do Plan de Acción para a Economía Social nos Barrios de Compostela, impulsado polo Concello de Santiago.



Ao longo destas xornadas, nas que se debuxaron mapas de experiencias, se definiron obxectivos comúns e se prototiparon propostas concretas, reforzouse o papel da economía social como motor de transformación local



e desenvolvemento inclusivo, aliñado coa Axenda Urbana 2030 de Santiago. A presenza de ForoESGal permitiu achegar a visión conxunta das cinco familias da economía social galega a un proxecto estratéxico que busca activar e consolidar o ecosistema local desde a proximidade.

❖ Participación na XXXVII Asamblea Xeral Ordinaria da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias

O ForoESGal estivo presente na XXXVII Asemblea Xeral Ordinaria de AGACA, onde se reafirmou o papel estratéxico do cooperativismo agroalimentario como motor económico e social do rural galego, xerando emprego de calidade, fixando poboación e contribuíndo á cohesión territorial.




Na xuntanza, na que participaron cooperativas que representan máis do 80% da facturación e da base social da entidade, acordouse a reelección de Carmen Rodríguez como presidenta e o nomeamento de Ana María Freire como vicepresidenta. O presidente de ForoESGal, Mino Martínez, participou no acto de clausura, arroupando a AGACA e poñendo en valor a súa traxectoria e compromiso coa economía social.



❖ Participación na xornada sobre Reaproveitamento Alimentario organizada por AEIGA e AGACA

O ForoESGal participou, a través do seu presidente Mino Martínez, na xornada formativa en liña “Reaproveitamento alimentario: oportunidades de negocio para a Economía Social”, organizada por AEIGA e AGACA. No saúdo inicial, Martínez puxo en valor esta iniciativa, que achega ao tecido da economía social as posibilidades que abre a **Lei 1/2025 de prevención das perdas e o desperdicio alimentario** para novos proxectos empresariais de carácter social e ambientalmente sostible.



Ao longo da sesión abordáronse o novo marco normativo, boas prácticas na loita contra o desperdicio, experiencias de éxito e modelos de negocio vinculados ao reaproveitamento alimentario.

❖ Asistencia á Gala de entrega das Medallas Emilia Pardo Bazán 2025

O ForoESGal estivo presente, a través do seu presidente Mino Martínez, na gala de entrega das **Medallas Emilia Pardo Bazán 2025**, coas que a Xunta de Galicia recoñece o labor de persoas e entidades en favor da igualdade, un dos principios esenciais da economía social.



Nesta edición foron distinguidas **Manuela López Besteiro**, ex conselleira e referente no ámbito das políticas públicas; a deportista olímpica **Teresa Portela**; e a **Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia (UPA)** polo seu labor na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

A participación de ForoESGal nesta celebración reforza o compromiso do Foro cunha sociedade máis xusta, inclusiva e solidaria, na que a igualdade de xénero sexa unha realidade efectiva.

❖ Asistencia á presentación do XV Informe de Estado da Pobreza en Galicia 2025



O ForoESGal estivo presente, a través do seu presidente Mino Martínez, na presentación no Parlamento de Galicia do XV Informe “O Estado da Pobreza en Galicia 2025” elaborado por EAPN Galicia. O estudo mostra unha redución de 6,7 puntos na taxa de pobreza e exclusión social en 2024

—case 180.000 persoas menos ca en 2023— pero lembra que aínda máis de medio millón de galegas e galegos seguen nesta situación, polo que é preciso reforzar as políticas públicas de protección social.

No acto, presidido por Miguel Ángel Santalices, interviñeron tamén Ana Pardo, presidenta de EAPN Galicia; Xosé Cuns e Nerea Rivero, responsables do informe; e M^a Dolores Fernández Galiño, Valedora do Pobo, subliñando a importancia de manter un clima político libre de discursos de odio para avanzar na erradicación da pobreza.



❖ Participación no ULTREIA

O ForoESGal participou no congreso **Ultreia Galicia de emprendemento ligado ao territorio**, celebrado no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Ourense) no marco da designación de Galicia como **Rexión Emprendedora Europea 2025**.



A través do seu presidente, Mino Martínez, o Foro foi unha das entidades asinantes do manifesto para a creación dunha nova rede de fomento do emprendemento baseada na colaboración público-privada, destinada a conectar talento e recursos locais en proxectos viables, sostibles e con impacto. Acompañado por Mar Pernas (EspazoCoop), Mino Martínez reforzou o compromiso da economía social coa loita contra o despoboamento e o envellecemento no rural, en liña cos obxectivos deste encontro centrado nos sectores agro-mar, recursos naturais e comercio-turismo.



❖ Asistencia á xornada de Elaboración da Axenda Local de Economía Social de Pontedeume



O ForoESGal participou activamente no proceso de elaboración da Axenda Local de Economía Social de Pontedeume, iniciativa impulsada polo Concello no marco do proxecto INNSOCIAL.

A través do seu presidente, Mino Martínez, o Foro estivo presente tanto na xornada participativa aberta á cidadanía e aos axentes sociais como nunha segunda sesión de carácter técnico, coordinada por Larega S. Coop. Galega Xuvenil.

Nestes encontros abordáronse as potencialidades da economía social como ferramenta de desenvolvemento local, o seu papel no ámbito municipal, exemplos de boas prácticas en contratación pública reservada e o marco legal do sector, contribuíndo a deseñar un modelo produtivo máis sostible, democrático e ligado ao territorio para Pontedeume.

Comunicación

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Difusión e visibilización da economía social*", concretamente, *impulsando as accións de comunicación dirixidas a incrementar e reforzar o acceso á información relevante sobre o sector por parte da poboación en xeral*, o ForoESGal promoveu a comunicación das accións desenvolvidas dende ForoESGal e incluso das entidades que a conforman dende as ferramentas das que dispoñemos: web e redes sociais, ademais da elaboración de notas de prensa relativas aos actos que vimos organizando e dos que os medios se están a facer.

Principalmente, o ForoESGal publicou nas contas en Facebook, Instagram, Twitter. Durante este ano, co fin de incrementar os seguidores nas redes sociais, así como dispor dunha programación de contidos, contratáronse os servizos externos de profesionais (**ver Anexo I**).

Por outra banda, contratáronse puntualmente os servizos dunha profesional para a elaboración de diversas notas de prensa e comunicación cos diversos medios de comunicación (**ver Anexo II**).

2. REFORZO DA PRESENZA DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA NOS FOROS ESTATAIS E EUROPEOS

No ano 2025, o Foro pola Economía Social Galega (ForoESGal) consolidou a súa posición como interlocutor destacado no ámbito estatal da economía social. Somos socios da Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES) e, por tanto, participamos activamente na súa Xunta Directiva. Desde ForoESGal consideramos esencial aliñar todas as nosas accións coas actividades de CEPES para xerar economías de escala que beneficien ás empresas galegas de economía social.

A través desta colaboración, reforzamos a importancia da representación e da actividade a nivel estatal e europeo, promovendo a visibilización da economía social galega e fortalecendo as relacións institucionais. Este esforzo responde ao PRIMEIRO compromiso do convenio coa Xunta de Galicia: “Reforzo da presenza da economía social de Galicia nos foros europeos e estatais”, promovendo activamente a visibilización e o posicionamento da economía social galega en entidades representativas e organismos públicos. Durante este ano, destacaron as seguintes accións e iniciativas:

2.1 Participación en CEPES

❖ Xornada de Reflexión

ForoESGal estuvo presente os días 5 e 6 de marzo de 2025, a través de Isabel Fraga, nas xornadas de reflexión que CEPES organizou en Murcia -capital da Economía Social neste 2025- baixo o lema "Vamos a dibujar el CEPES del futuro".



❖ Asamblea Xeral – 28 de abril

ForoESGal estuvo presente na Asamblea de CEPES, como entidade socia, a través de Mino Martínez (presidente) e Ana Olveira (vicepresidenta).


O encontro, desenvolvido baixo o lema “Nueva era, nuevos retos: la economía social marca el paso” permitiu reflexionar “con honestidade e profundidade” sobre os retos que temos por diante.



2.2 Presentación Hub de Vanguardia da Economía Social



A Economía Social galega estivo presente na presentación oficial de ASETT, o Hub de Vangarda da Economía Social.



O Hub de Vangarda, liderado por CEPES, marca un fito no desenvolvemento do noso modelo empresarial e impulsará o sector a través do coñecemento, de proxectos innovadores, da identificación de boas prácticas e da difusión internacional de ideas.

O lanzamento do Hub de Vangarda, como ben dixo no acto o presidente de CEPES, Juan Antonio Pedreño, marca unha nova era para a Economía Social na que ademais de consolidarse como un axente clave de desenvolvemento económico, potencia o seu papel como motor de cambio social, innovación e

sostibilidade.

Desde ForoESGal celebramos a creación e posta en marchad dunha iniciativa que, entre outras cousas, consolida o liderado de España neste ámbito. Mino Martínez e Isabel Fraga, presidente e secretaria de ForoESGal, participaron neste evento, que reuniu a máis de cen representantes da Economía Social de todo o Estado e a directores xerais de nove comunidades, entre as que non faltou a galega, con Marta Mariño á fronte.



2.3 Xornada Estratéxica e Asamblea ForoESGal coa presenza do MITES

O pasado 23 de abril ForoESGal celebrou en Santiago de Compostela a súa Asamblea no marco dunha Xornada Estratéxica coa participación de Amparo Merino, Secretaria de Estado de Economía Social do Ministerio de Trabajo y Economía Social.



FOROESGAL
FORO DE ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

ASEMBLEA FOROESGAL
23 DE ABRIL | SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xornada Estratéxica con Amparo Merino, Secretaria de Estado de Economía Social

PROGRAMA

- 9.30 h | Visitas institucionais a entidades da economía social galega.
- 12.00 h | Almorzo con Amparo Merino, Secretaria de Estado de Economía Social, para abordar o futuro da ES.
- 12.30 h | Asamblea ForoESGal.

Desde el Ministerio de Trabajo y Economía Social nuestra idea es clara: seguir potenciando la ES y demostrar que es una forma de hacer economía muy resiliente, anclada en el territorio, verde, feminista y un referente que avanza"

Amparo Merino
Secretaria de Estado de Economía Social

ngaca, espazo'coop, CEGASAL, aeiga, Aesgal

Abordouse o presente e futuro do noso sector; as novidades legislativas, como o proxecto de Lei Integral de Impulso da Economía Social; así como os desafíos que temos por diante para seguir reforzando o papel da nosa fórmula empresarial como motor clave de crecemento sostible, democracia económica e xustiza social.





2.4 Xornadas en Ourense co Ministerio de Traballo e Economía Social

Os pasados 5 e 12 de setembro, Foroesgal participou en xornadas que a Vicepresidenta Segunda e Ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz desenvolveu na provincia de Ourense, provincia gran afectada pola dramática vaga de incendios forestais que sufriu a nosa comunidade este verán.

Díaz, acompañada pola secretaria de Estado de Economía Social, Amparo Merino, reuniuse cos alcaldes e alcaldesas da dita comarca e visitou da man do Foroesgal dúas entidades de economía social da zona, as cooperativas Vinos Barco e Amarelante, ésta última en Manzaneda.

Neste encontro contouse tamén coa presenza do Delegado de Goberno en Galicia, Pedro Blanco, acompañado por Mino Martínez, presidente de Foroesgal, Higinio Mougán, xerente de AGACA e Xosé Lois, de AESGAL.






3. DESENVOLVEMENTO E IMPULSO DA ECONOMÍA SOCIAL

3.1 Informe “DIAGNOSE DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA: RETOS E OPORTUNIDADES”.

O ForoESGal encargou ao equipo da Universidade de Vigo o informe “Diagnose da Economía Social en Galicia: retos e oportunidades”, que ofrece unha visión actualizada e operativa do sector no noso país. O estudo analiza, a partir da Lei 6/2016, a diversidade de entidades que integran a economía social galega e a súa evolución recente, combinando datos estatísticos, análise territorial e entrevistas a axentes locais.



DIAGNOSE DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA: RETOS E OPORTUNIDADES


FOROESGAL

Índice

Introdución	5
1 Que é a economía social?	7
1.1. Normativa básica de aplicación en Galicia	8
1.2. Entidades que integran a economía social e normativa específica	8
1.3. Federacións e grandes asociacións da economía social en Galicia	11
1.4. Conclusións Capítulo I	15
Anexo I. Normativa aplicable a entidades de Economía Social	16
2 Evolución e tendencias da economía social en Galicia	19
2.1. Evolución e tendencias da economía social en Galicia	19
2.2. Análise dos principais actores da economía social galega	21
2.2.1. Cooperativas	21
2.2.2. Sociedades laborais	23
2.2.3. Centros especiais de emprego	25
2.2.4. Empresas de inserción	27
2.2.5. Sociedades agrarias de transformación	29
2.2.6. Cofradías de Pescadores	31
2.2.7. Comunidades de montes	32
2.2.8. Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social	34
2.3. Conclusións Capítulo II	36
3 Benchmarking do desempeño socioeconómico da economía social na Unión Europea e en España	37

Ademais incorpora un exercicio de benchmarking con España e a UE, que sitúa Galicia nunha posición favorable pero con marxe de mellora en escala produtiva, cooperación territorial e contratación pública responsable. O informe identifica, así mesmo, os principais retos no

ámbito municipal —falta de visibilidade, infrautilización das reservas de mercado, fragmentación institucional— e propón liñas de actuación concretas arredor de sectores estratéxicos como os coidados de proximidade, a economía circular, os servizos ambientais e agroforestais, a transformación alimentaria, o turismo sustentable e a dixitalización inclusiva.



Foro pola Economía Social Galega

Gráfico 2. Cooperativas constituídas no Rexistro segundo o ámbito territorial (2019 - 2023)

Territorio	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña	~40	~45	~50	~55	~60
Lugo	~10	~15	~20	~25	~30
Ourense	~10	~15	~20	~25	~30
Pontevedra	~50	~60	~70	~80	~90
Galicia	~100	~110	~120	~130	~140

Fonte: Rexistro Galego de Cooperativas da Xunta de Galicia

Gráfico 3. Distribución porcentual de cooperativas por sector de actividade (2023)

Sector	Porcentaxe
Outros servizos	40 %
Comercio e transporte	21 %
Actividades profesionais	11 %
Actividades artísticas	9 %
Construción e actividades inmobiliarias	9 %
Secundario	6 %
Primario	4 %

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia

DIAGNOSE DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA: RETOS E OPORTUNIDADES

Gráfico 4. Distribución porcentual de persoas socias promotoras das cooperativas inscritas, desagregando por sexo e personalidade xurídica (2019 - 2024)

Ano	Persoas xurídicas	Mulleres	Homos
2019	37,70 %	54,80 %	7,50 %
2020	43,50 %	52,20 %	4,30 %
2021	50,79 %	47,40 %	1,81 %
2022	47,97 %	49,82 %	2,21 %
2023	45,16 %	54,15 %	0,69 %
2024	44,66 %	53,64 %	1,70 %

Fonte: Rede Eusumo

2.2.2. Sociedades laborais

A evolución das sociedades laborais en Galicia mostra un comportamento desigual, aínda que cunha tendencia xeral de crecemento dende 2022. En 2024 constituíronse 78 novas sociedades laborais, tal como reflicte o Gráfico 5, cunha distribución territorial marcada novamente pola concentración nas provincias atlánticas. En particular, a provincia de Pontevedra aglutina máis da metade das novas constitucións anuais, mentres que Lugo e Ourense presentan cifras significativamente inferiores (Cancelo e Vázquez, 2024a).

A gran maioría das novas sociedades laborais corresponden á forma xurídica de sociedade laboral limitada, que representa máis do 90 % das constitucións, en tanto que as sociedades anónimas laborais manteñen un peso residual. No que respecta á distribución sectorial, o sector servizos volve ser o de maior presenza, seguido da industria, a construción e a agricultura, tal como se ilustra no Gráfico 6.

3.2 Convenio de colaboración con Ilunion formación

ForoESGal acordou con ILUNION a súa participación en accións formativas sobre habilidades dixitais, impulsadas pola FUNDAE para eliminar a fenda dixital entre os seus traballadores/socios/cooperativistas.

A área de Formación de ILUNION e FUNDAE impartiron ata xuño de 2025 un total de 7 accións formativas en habilidades dixitais.

A base do proxecto foron 7 accións formativas, de 4 horas de duración, elaborados especialmente para o sector, sobre competencias dixitais en diferentes áreas: Ciberseguridad, Traballo colaborativo con ferramentas na nube, Mellora da produtividade con

Microsoft 365, Problemas técnicos sinxelos nos dispositivos informáticos, Elaboración de contidos dixitais, Trámites coa Administración Pública mediante a asina dixital, e Tendencias actuais e futuras nel uso de tecnoloxías dixitais.



4. XESTIÓN DA ENTIDADE

O ForoESGal, é un instrumento das entidades representativas das diferentes familias da economía social. Tal e como se apunta nos seus obxectivos, busca a visibilización, representación sectorial, desenvolver o sector da economía social a través da intercooperación e a contratación pública responsable.

A súa organización interna resposta tamén a este obxectivos e por ese motivo conta con dous ámbitos:

a. Xunta Directiva: representación política

A través da presidencia e das dúas vicepresidencias executáronse funcións de incidencia política. Ademais, os membros da Xunta Directiva ForoESGal os encargados de supervisar ás distintas actuacións que se realizarían de cara a un axeitado aliñamento estratéxico en xeral e dos obxectivos de incidencia política en particular. Ao longo de 2025 desenvolvéronse dez Xuntas Directivas.

Os xerentes das entidades asociadas conforman un órgano de asesoramento constante á Xunta Directiva e ademais aos responsables do plan de actuación do ForoESGal.

b. Equipo técnico

Composto por unha codirección entre dúas entidades membro (Cegasal e Aeiga), un responsable económico e un responsable para xestión administrativa (Agaca) e unha responsable de comunicación..

Este equipo técnico, formado por profesionais das diferentes organizacións representativas, unifican experiencia e capacidade para a execución das diferentes accións e o mantemento da propia entidade.

A conformación desta forma organizativa responde a favorecer a integración tanto de persoal técnico, como de persoal directivo e representantes políticos da economía social. Esta é a base e o abono para xerar a intercooperación no sector da economía social.

Algunhas das principais accións levadas a cabo este ano ForoESGal:

1. Proceso de planificación anual e seguimento de cada un dos proxectos.
2. Dinamización da Xunta Directiva, equipo de xerentes e o equipo técnico

3. Realización das obrigas contables, fiscais, xestión de cobros e pagos, así como o relativo a xustificacións.
4. Realización de informes e estudos, para empregarse nas accións de incidencia política e como base para as comunicacións e posicionamentos públicos.

ANEXOS

1. Dossier de prensa
2. Dossier de RRSS



FOROESGAL

DOSSIER DE MEDIOS 2025



2025

Día da Economía Social galega

DOSSIER DE MEDIOS

NOTICIA PUBLICADA

"La economía social gallega se reivindica en su día: 'No hay transformación ni transición justa sin nosotros'", publicado el 16 de junio de 2025 en **GCDiario**

La misma noticia en **GaliciaPress**, también del 16-06-2025: "La economía social gallega se reivindica en su día: 'No hay transformación ni transición justa sin nosotros'" .

En **MUNDIARIO**, con datos relevantes como los "más de 7.000 entidades y más de 25.000 empleos": "La economía social gallega reivindica su papel", publicado el 17 de junio de 2025

Nota de prensa institucional del Delegado del Gobierno en Galicia, Pedro Blanco, subrayando la labor de las entidades del sector social, del 16-06-2025

Otra versión en gallego, de **GaliciaConfidencial**: "A economía social galega reivindicase...", publicada el 16 de junio de 2025

Acto principal celebrado en Santiago de Compostela el lunes 16 de junio, con participación institucional y mesas redondas, según **GaliciaXa**

En la intervención institucional, Pedro Blanco destacó la generación de empleo estable y destacó la aportación de un PERTE con 160 millones de euros, además de proyectos con ayudas de 4,7 M€

La **Xunta de Galicia** emitió una nota de prensa (16/06/2025) en la que Pablo Fernández (secretario xeral de Emprego) y Marta Mariño (Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social) reafirmaron su compromiso con la economía social: segunda Estratexia Galega ata 2027, creación de 400 iniciativas, 4.000 empregos, e inversión de 45 M€ en programas como Bono Consolida, Aprot, Es-Transforma e apoio a CEE e empresas de inserción.



ECONOMÍA SOCIAL REDE EUSUMO SERVICIOS AXUDAS E SUBVENCIONS PROMOCIÓN
COMUNICACIÓN

A Xunta reafirma a súa aposta por un modelo económico máis xusto, inclusivo e ligado ao territorio a través do novo convenio con Foroesgal

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández acompañado pola directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, e pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, reafirmou hoxe o compromiso da Xunta coa economía social como modelo económico clave para construír unha Galicia máis sustentable, inclusiva e próspera. Fixoo na clausura do Día da Economía Social Galega, un acto organizado polo Foro pola Economía Social Galega (Foroesgal).



in

f

You
Tube



Inicio › ECONOMÍA › La economía social gallega se reivindica en su día: "No hay transformación...

La economía social gallega se reivindica en su día: «No hay transformación ni transición justa sin nosotros»

ECONOMÍA

SOCIEDAD

PUBLICADA EL 16 JUNIO, 2025

EUROPA PRESS



PUBLICIDAD

NOVOBANNER

digital advertising services

Actualidad

FOROESGAL celebra en Santiago el acto central del Día de la Economía Social Gallega

El evento tendrá lugar el lunes 16 de junio en el Hotel Puerta



GAL CAST

Mércores, 18 xuño 2025



LUGOXA

TERRACHAXA

SARRIAXA

AMARIÑAXA

RIBEIRASACRAXA

ACORUÑAXA

OURENSEXA

INICIO > FOROESGAL CELEBRA EN SANTIAGO O ACTO CENTRAL DO DÍA DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Actualidade

FOROESGAL celebra en Santiago o acto central do Día da Economía Social Galega

Delegaciones del Gobierno

Delegaciones del Gobierno
¿Qué es la Administración General del Estado en el Territorio?
Normativa
Delegaciones del Gobierno 
Portada de Delegaciones del Gobierno
Delegación del Gobierno en la Comunidad

Pedro Blanco subraya el valor de las entidades de la Economía Social al generar empleo estable, impulsar la cohesión territorial y fomentar la innovación social al servicio del bien común



16/06/2025

El Gobierno destinó 160 millones de euros para la transformación de estas entidades y los cuidados de Galicia a través del PERTE de la Economía Social y de los cuidados

Avanza que seis proyectos innovadores promovidos por entidades del sector social en Galicia alcanzaron 4,7M€ de la última convocatoria del Ministerio de Trabajo y Economía Social asociada la este PERTE

Reitera la mano tendida del Gobierno de España para seguir trabajando conjuntamente y situar la economía social en el centro de un nuevo modelo de economía responsable

El delegado del Gobierno en Galicia, Pedro Blanco, subrayó hoy el valor de las entidades de la Economía

Encuentra cientos de consejos en nuestras redes sociales y empieza a ahorrar energía.

Naturgy

Quiero ahorrar

CATALUNYAPRESS • PRESSDIGITAL • GALICIAPRESS • VILAPRESS

Publicidad  Galego 



Galici@PRESS
TE INFORMA



PORTADA POLÍTICA SANIDAD ECONOMÍA DEPORTES CULTURA OPINIÓN MOVIMIENTOS GALICIA EN RED ÚLTIMA HORA

CLAVES DE LA SEMANA

PALOMA LAGO

CASO KOLDO

VIOLENCIA MACHISTA

La economía social gallega se reivindica en su día: "No hay transformación ni transición justa sin nosotros"

El delegado del Gobierno aplaude el "empleo estable" que genera y lo que favorece a la cohesión territorial y a la innovación social

europa
press

Europa Press | Lunes, 16 de junio de 2025, 14:22

El delegado del Gobierno aplaude el "empleo estable" que genera y lo que favorece a la cohesión territorial y a la innovación social

El Foro pola Economía Social Galega (Foroesgal) ha reivindicado la relevancia de este tipo de actividad en su día al advertir de que "no hay transformación ni transición justa posible sin contar" con ella.

**BUSCA
ENCONTRA
RECICLA**



Última hora

- Encuentran en el río Limia el cadáver del hombre de 40 años desaparecido en Xínzo
- Pontón ensalza los dos años de Sanmartín al frente del Ayuntamiento de Santiago: "Tiene un proyecto sólido y valiente"
- Galician Army se consolida en la escena de

MUNDIARIO
PRIMER PERIÓDICO GLOBAL DE ANÁLISIS Y OPINIÓN

GALICIA
MUNDIARIO DE LA EURORREGIÓN CON PORTUGAL

EDICIONES: MUNDISTYLE C&S
GALICIA OPINIONES DEPORTES



OPINIÓN ▾ ESPAÑA ▾ INTERNACIONAL ▾ ECONOMÍA ▾ CIENCIA-TECNOLOGÍA ▾ CINE-SERIES ▾ MUNDISTYLE ▾ SOCIEDAD ▾ CULTURA ▾ DEPORTES ▾ SALUD



ARÁN FEIJOO COVELO



17/06/25 - 00:07

Actualizado: 17/06/25 -
12:59

La economía social gallega reivindica su papel

PUBLICIDAD



Mesa redonda sobre la economía social. / Mundiario

El secretario general de Empleo e Relacións Laborais participou hoy en Santiago en la clausura del acto conmemorativo del Día de la Economía Social Gallega

La Xunta reafirma su apuesta por un modelo económico más justo, inclusivo y ligado al territorio a través del nuevo convenio con Foroesgal

- Pablo Fernández destacó la relevancia de la colaboración con esta entidad que integra las principales organizaciones del sector -EspazoCoop, Agaca, Aesgal, Cegasal y Aeiga-, consolidando la economía social gallega e impulsando acciones de difusión



DOSSIER DE MEDIOS ANO 2025

